



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**  
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf.C45-15. Consultas procedemento de contratación da obra "REXENERACION DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO" CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (PPOS 2015)

Asto.: Relación anónima de consultas e aclaracións ás mesmas do procedemento de contratación da obra "REXENERACION DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO" CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (PPOS 2015)

O presente anuncio contén a **relación anónima de consultas e aclaracións** ás mesmas realizadas polos interesados no procedemento de contratación de referencia en base ao disposto na cláusula VI dos PCAP.

#### **1.- Consulta núm. 04:**

##### **Formulada mediante correo electrónico de data 27.4.2016**

##### **Texto da consulta:**

1º.- *La única vía para poder entregar, la documentación y poder optar a la contratación es entregarla personalmente en el Concello. En caso de existir otras, podría indicarme cuales.*

2º.- *Los documentos a presentar serían:*

*Estos documentos aparte*

*Documento de Declaración responsable. (ANEXO II)*

*Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación.*

*Sobre con propuesta económica con doc. Acorde al Anexo III.*

3º.- *Hay que adjuntar además, los originales de, estos documentos: cuando quién entrega la documentación, sea el Consejero Delegado.*

*1.- NIF/CIF*

*2.- Escritura constitución ou modificación*

*3.- Poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre.*

4º.- *Que documentos habría que entregar en caso de que la persona, que entrega la documentación no sea el Consejero Delegado, de la empresa.*

5º.- *Es necesario entregar el documento: E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades. Debidamente cumplimentado.*

6º.- *En caso de utilizar en ANEXO IV. SOLICITUDE DILIXENCIA DE BASTANTEO DE PODERES:*

*1.- Que documentación original habría que aportar, POR PARTE DEL PODERDANTE*

*2.- Que documentación original habría que aportar, POR PARTE DEL REPRESENTANTE.*

#### **Aclaración á consulta núm. 04.:**

**A)** Respecto á primeira cuestión, relativa á entrega da proposición para participar no procedemento de contratación de referencia, a **cláusula 10.1 do prego** de cláusulas administrativas particulares reguladoras da contratación (PCAP) relativa a "*Lugar, prazo de presentación e perfil do contratante*" dispón o seguinte:

**" (...) A presentación de proposicións poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado no lugar e prazo sinalado anteriormente. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo.**

**Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío nas Oficinas de Correos e anunciará a remisión da súa oferta ao órgano de contratación, no mesmo día, mediante télex, fax ou telegrama remitido ao número do Departamento de secretaría (fax núm. 986 322 099). Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado na invitación.**



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

*Non poderán presentarse as proposicións por medio electrónicos, telemáticos ou informáticos, ao non dispor o concello de Bueu dun programa informático ao efecto (...)*

**B)** Respecto á segunda, terceira e cuarta cuestión plantexada sobre a documentación a presentar, a **cláusula 10.2 dos PCAP** regula a documentación que debe conformar a proposición dos licitadores que concorran así como as formalidades que deben observarse na súa presentación.

C) Respecto á quinta cuestión, a "Declaración responsable relativa á non atoparse incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c) e 60 do TRLCSP, nos termos esixidos no art. 146.1.c) do TRLCSP", tal e como resulta da **cláusula 10.2 dos PCAP** non é obrigatoria a súa entrega na fase de presentación de proposicións, senón na fase previa á adxudicación nos termos que resultan da **cláusula 12.3 dos PCAP**.

D) respecto á sexta cuestión sobre a Dilixencia de bastanteo, a documentación que debe ser entregada figura descrita no **anexo IV dos PCAP**.

**NOTA IMPORTANTE: Os PCAP, en base aos cales se resollen a totalidade das cuestións plantexadas na consulta a que responde o presente documento, figuran publicados integramente no enlace correspondente á licitación da obra REXENERACION DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO" CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (PPOS 2015) que figura no perfil de contratante da web do concello de Bueu, entre outros documentos do expediente administrativo que contén información de utilidade para os interesados no procedemento**

En Bueu, a 28 de abril de 2016  
O alcalde,  
Félix Juncal Novas